



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xullo 2019

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xullo 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un aumento do 6,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, case seis puntos superior ao do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,2%, tres puntos máis que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 5,2% e nos Outros servizos o 11,3%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 0,6% e en España un 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de xullo agás en Illes Balears.
- En todas as comunidades crece a ocupación.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un aumento do 6,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, case seis puntos superior ao do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,2%, tres puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 5,2%, achega 3,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 11,3% e achegan 2,7 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 5,0% e nos *Outros servizos* o 5,6%.

O aumento da facturación no *Comercio* ven motivado pola *Comercio por xunto*, que crece o 7,2% e achega 3,8 puntos. O *Comercio ao retalho* crece un 4,5% e achega 0,8 puntos. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* cae un 15,7%, co que resta 0,7 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 6,8% e o *Comercio ao retalho* do 4,6%; pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor* redúcese o 3,1%,

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 11,3%. Todos os sectores rexistran taxas positivas; o sector que máis contribúen a este crecemento é o *Transporte*, que cun incremento do 17,7%, achega 1,5 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,6%. Os sectores con maiores incrementos son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (7,6%) e o *Transporte* (6,9%).

Nos sete primeiros meses do ano, a cifra de negocios crece un 5,5% en Galicia e un 4,7% no conxunto do Estado.

Tanto o *Comercio* como os *Outros servizos* aumentan máis en Galicia que en España.

O *Comercio por xunto* (7,6%), o *Transporte* (9,6%) e a *Hostalería* (7,8%) son os sectores con mellor comportamento en Galicia. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor e Información e comunicación* diminúen a súa facturación no que vai de ano, -6,4% e -1,1% respectivamente.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 7,0% no mes de xullo.

Os sectores que máis contribúen a este crecemento son: o *Transporte*, que crece un 19,0% e achega 2,4 puntos e o *Comercio*, cun incremento do 4,3%, co que achega 1,9 puntos. En senso contrario, diminúe a facturación en *Información e comunicacións* (-0,8%).


No que vai de ano, o índice aumenta un 5,7%. O *Transporte* é o sector con mellor comportamento (11,9%) mentres que *Información e comunicacións* é o único sector con taxa negativa, -1,5%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 4,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xullo en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior agás en Illes Balears (-0,2%).

Índices de cifra de negocios. Xullo 2019

Taxa de variación en %




Os maiores aumentos danse en Murcia (8,5%), Extremadura (7,6%) e Galicia (6,7%). Ademais de Illes Balears, as comunidades con menores crecementos son Castilla y León (1,9%) e Canarias (2,0%).

No que vai de ano, o maior crecemento rexístrase en Cantabria (7,1%). As taxas máis baixas corresponden a Canarias e Illes Balears (ambas as dúas 2,0%).

2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,6% respecto ao mes de xullo de 2018, un punto menos que en España (1,6%).



O persoal ocupado aumenta un 0,9% no *Comercio* e un 0,3% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Venta e reparación de vehículos de motor* (-0,4%), *Hostalería* (-2,8%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-1,1%). Os maiores crecementos danse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (4,3%) e *Información e comunicación* (2,3%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse en *Información e comunicación* (2,9%) e *Comercio por xunto* (2,6%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumentou un 1,8% en Galicia e un 1,9% en España. O maior crecemento da ocupación en Galicia dáse no *Comercio por xunto* (4,7%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xullo con respecto ao mesmo mes do ano 2018. Os maiores incrementos danse en Murcia (3,0%), Extremadura (2,7%) e Comunitat Valenciana (2,6%). Cantabria (0,2%), Aragón (0,3%) e Galicia (0,6%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

Índices de persoal ocupado. Xullo 2019

Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Extremadura (2,6%) e Comunitat Valenciana (2,4%); as taxas máis baixas corresponden a Castilla y León (0,8%) e Canarias (1,0%).

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que

traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xullo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	137,4	6,7	5,5
Comercio	138,2	5,2	5,2
Venta e reparación de vehículos de motor	103,0	-15,7	-6,4
Comercio por xunto	149,4	7,2	7,6
Comercio ao retalho	119,7	4,5	1,3
Outros servizos	134,8	11,3	6,5
Transporte	129,1	17,7	9,6
Hostalería	150,0	7,6	7,8
Información e comunicacións	110,4	0,2	-1,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	122,7	8,1	4,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	175,7	14,2	5,4
España			
Xeral	132,6	5,2	4,7
Comercio	130,1	5,0	4,0
Venta e reparación de vehículos de motor	140,8	-3,1	-1,0
Comercio por xunto	132,9	6,8	5,6
Comercio ao retalho	120,9	4,6	2,7
Outros servizos	137,2	5,6	5,9
Transporte	133,6	6,9	6,2
Hostalería	150,1	4,2	4,5
Información e comunicacións	115,8	2,5	3,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	146,8	7,6	8,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	146,1	5,8	6,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xullo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	140,5	7,0	5,7
Comercio	135,9	4,3	4,3
Transporte	148,6	19,0	11,9
Hostalería	158,5	7,0	7,5
Información e comunicacións	111,9	-0,8	-1,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	121,8	7,9	5,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	159,7	9,7	3,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xullo 2019**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	132,6	5,2	4,7
Andalucía	124,7	6,3	6,3
Aragón	128,9	3,6	4,4
Asturias	127,5	5,0	5,8
Balears, Illes	171,3	-0,3	2,0
Canarias	127,9	2,0	2,0
Cantabria	142,6	4,7	7,1
Castilla y León	118,3	1,9	3,2
Castilla-La Mancha	133,5	5,8	4,6
Cataluña	133,5	5,5	3,6
Comunitat Valenciana	134,1	6,4	4,8
Extremadura	130,3	7,6	6,4
GALICIA	137,4	6,7	5,5
Madrid	134,8	5,2	5,1
Murcia	128,1	8,5	6,6
Navarra	128,1	5,7	5,8
País Vasco	129,7	5,6	4,5
Rioja, La	139,1	5,1	5,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xullo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	110,2	0,6	1,8
Comercio	110,0	0,9	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	100,5	-0,4	1,6
Comercio por xunto	120,3	0,8	4,7
Comercio ao retalho	106,0	1,2	0,7
Outros servizos	110,3	0,3	1,5
Transporte	106,6	2,5	2,9
Hostalería	111,7	-2,8	0,3
Información e comunicacións	108,4	2,3	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,0	4,3	3,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,2	-1,1	-0,2
España			
Xeral	110,8	1,6	1,9
Comercio	107,5	1,6	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	108,5	1,4	1,8
Comercio por xunto	108,6	2,6	2,3
Comercio ao retalho	106,6	1,0	1,0
Outros servizos	112,8	1,7	2,0
Transporte	110,6	1,7	2,2
Hostalería	115,6	0,7	1,0
Información e comunicacións	110,3	2,9	3,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,5	2,1	2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,9	1,9	2,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xullo 2019**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	110,8	1,6	1,9
Andalucía	107,7	1,9	2,0
Aragón	112,6	0,3	1,4
Asturias	107,1	1,0	1,1
Balears, Illes	137,7	0,7	1,9
Canarias	110,5	1,1	1,0
Cantabria	112,9	0,2	1,1
Castilla y León	107,3	0,8	0,8
Castilla-La Mancha	110,0	2,0	1,4
Cataluña	113,2	2,2	2,1
Comunitat Valenciana	109,2	2,6	2,4
Extremadura	109,7	2,7	2,6
GALICIA	110,2	0,6	1,8
Madrid	109,2	1,4	2,0
Murcia	114,5	3,0	1,5
Navarra	111,1	1,4	2,3
País Vasco	106,4	1,0	1,6
Rioja, La	109,6	1,6	2,1

Fonte: INE